

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CODIFICACIÓN COMERCIAL (AECOC)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica formalizou coa Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 28 de marzo de 2016 ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros, dentro da XVII edición do Congreso AECOC Universo de Produtos do Mar que se desenvolveu en Baiona do 1 ao 2 de xuño de 2016. As accións específicas que se realizaron derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Organización de actividades de promoción dos produtos da pesca.
- Garantir a asistencia das principais empresas no sector de produtos do mar en España.
- Continuar con accións para ter maior presenza de empresas no sector extractivo, os conxelados e transformados.
- Garantir a asistencia das empresas de distribución en España, dado que a distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministro.
- Formular un programa de actualidade que garanta o interese das empresas do sector.
- Disponibilidade dun espazo dedicado a empresas galegas cuxo obxectivo sexa a exposición de produtos innovadores a través de puntos de degustación.
- Acción de promoción dos produtos galegos, especialmente aqueles con calidade diferenciada e con marcas de calidade dentro das comidas do Congreso.
- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, material publicitario, medios audiovisuais, servizos de azafatas, intérprete, etc...)
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentou no seguinte:

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

A Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) ten entre os seus fins, a instauración, posta en marcha, promoción, uso e control de sistemas de linguaxe e codificación comercial, así como calquera actividade que teña a racionalizar as relacións entre fabricantes e distribuidores. A Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) non ten carácter lucrativo, é apolítica, voluntaria e autónoma.

A Asociación Española de Codificación Comercial (AECOC) foi a única responsable da organización do XVII Congreso AECOC Universo de Produtos do Mar, en Baiona os días 1 e 2 de xuño de 2016, cuxo obxectivo foi mellorar a comercialización dos produtos do mar a través dun punto de encontro de todos os axentes da cadea de subministracións de produtos da pesca e a acuicultura e onde asistentes e relatores puideron analizar conxuntamente a evolución do último ano, compartir experiencias e formularse mutuamente estratexias de colaboración, que permitan facer crecer o mercado.

O Congreso AECOC Universo de Produtos do Mar foi un evento de interese que constituíu unha oportunidade inmejorable para a promoción dos produtos da pesca e da acuicultura.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso da sinatura do instrumento convencional que se pretendía, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

